



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL OROSO

Modificación do día de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local

ANUNCIO

Con data de 12/02/2025 esta Alcaldía procedeu a ditar a resolución nº 190/2024 co seguinte contido:

“Logo de ver que mediante resolución de Alcaldía nº 840/2023 do 20/06 aprobouse a composición e periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local, establecéndose no punto segundo da citada resolución que: “A Xunta de Goberno Local, previa convocatoria realizada ao só efecto por esta Alcaldía, realizará sesións ordinarias na denominada “Sala de Xuntas” o primeiro e o terceiro martes de cada mes ás 09:30 horas en primeira convocatoria e unha hora despois en segunda.

No caso de que coincida nun día inhábil, a sesión realizarase o día inmediatamente anterior ou posterior.

Non obstante o previsto, a Alcaldía poderá excepcionalmente adiantar ou retrasar as sesións ordinarias, así como suspendelas, con ocasión de períodos vacacionais ou outras incidencias sempre que isto non menoscabe a xestión dos asuntos municipais da súa competencia.”

Logo de ver que posteriormente mediante resolución de Alcaldía 1004/2023 do 24/07, procedeuse a modificar o horario das Xuntas de Goberno Local quedando estas establecidas para os martes ás 15.30 horas.

Considerando que para unha mellor operativa e funcionamento da Xunta de Goberno Local e en atención á dispoñibilidade dos seus membros, resulta procedente a modificación do día de realización de tales Xuntas de Goberno Local quedando estas fixadas para o primeiro e o terceiros luns de cada mes ás 15:30 horas.

TENDO EN CONTA as facultades que a esta Alcaldía lle confiren o artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, en relación co disposto nos artigos 43.2, 52 e 53 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, con esta data **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Modificar o día das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local establecido mediante resolución de Alcaldía nº 840/2023 do 20/06, e posteriormente modificado mediante Resolución desta Alcaldía nº 1004/2003 do 24/07 de xeito que o mesmo quede fixado para o primeiro e o terceiro luns de cada mes ás 15.30 horas.

SEGUNDO: Darlle conta desta resolución ao Pleno na primeira sesión que teña lugar, notificándose persoalmente aos membros da Xunta de Goberno Local así como ao Interventor da Corporación e publicándose no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da súa sinatura.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Oroso, 12 de febreiro de 2025

O alcalde

Alexander Doval Expósito.